

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 DE FEBREIRO DE 2022

Ás 10:10 horas do día 11 de febreiro de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 8 de febreiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio dos Servizos Económicos de Dirección
D^a. Ruth María Gallego Santos, asiste como suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e da xefa do Servizo de Electromecánicos aos puntos 2a, 2b , 4, 6 e 11a e 11d
D. Rubén Peña Barceló, xefe do Servizo de Deportes (asiste ao punto 11b)
D^a. María Dapena Gómez, xefa da Área de RRHH e Formación (asiste ao punto 11c)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo Taller de Vías e Parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo (772-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:07	Páxina 1 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AB4B-EBB7B3-4DB2A7-KL7BRE-LCSU22-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. APPLUS NORCONTROL, S.L.U.
2. AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L.
3. COORDINA. COORDINACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L.
4. CSM GESTIÓN DE SEGURIDAD EN CONSTRUCCIÓN, S.L.U.
5. INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.
6. INGENIERÍA, ESTUDIOS Y PROYECTOS EUROPEOS, S.L.
7. INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U. (IPRENOR)
8. PREVENNOVA SEGURIDAD Y SALUD, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical á intemperie instalados na avenida de Gran Vía, no Concello de Vigo (1.087-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. SCHINDLER, S.A.
 2. TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento integral dos elementos de transporte vertical á intemperie instalados na avenida de Gran Vía, no Concello de Vigo (1.087-441)

Procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de seguimento, control e coordinación de seguridade e saúde das obras e equipos de traballo xestionados polo Taller de Vías e Parque móbil municipal, dentro das competencias da Concellería de Fomento do Concello de Vigo (772-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:07	Páxina 2 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AB4B-EBB7B3-4DB2A7-KL7BRE-LCSU22-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	22.063,79 €
2	AQUÁTICA INGENIERIA CIVIL, S.L.	22.735,52 €
3	COORDINA. COORDINACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L.	19.200,00 €
4	CSM GESTIÓN DE SEGURIDAD EN CONSTRUCCIÓN, S.L.U.	24.743,02 €
5	INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	25.992,00 €
6	INGENIERÍA, ESTUDIOS Y PROYECTOS EUROPEOS, S.L.	24.720,00 €
7	INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U. (IPRENOR)	24.988,95 €* (importe anual)
8	PREVENNOVA SEGURIDAD Y SALUD, S.L.	24.799,10 €

* INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U. (IPRENOR) oferta como "importe anual" 24.988,95 euros. Tendo en conta que o prazo de execución deste contrato é de 2 anos, o prezo total serían 49.977,90 euros, importe que excede do orzamento base de licitación (37.226,92 euros).

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP agás COORDINA. COORDINACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. e INGENIERÍA, ESTUDIOS Y PROYECTOS EUROPEOS, S.L.

Asiste á apertura D^a. María Franco Costas, con DNI **.47.53*, en representación de AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

1. Excluir a INGENIERÍA, MEDIO AMBIENTE Y PREVENCIÓN DEL NOROESTE, S.L.U. (IPRENOR) por exceder a súa oferta do orzamento base de licitación (motivo de exclusión previsto na cláusula 14.3C do PCAP).
2. Conceder un prazo de tres días a COORDINA. COORDINACIÓN Y CONSULTORÍA, S.L. e INGENIERÍA, ESTUDIOS Y PROYECTOS EUROPEOS, S.L. para que presenten o orzamento detallado esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- e na cláusula 14.2.C) do PCAP
3. Solicitar informe de valoración das proposicións ao servizo xestor.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de formigóns e morteiros, áridos, materiais de construcións, materiais de ferretería e formigóns bituminosos (87.871-250)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:07	Páxina 3 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AB4B-EBB7B3-4DB2A7-KL7BRE-LCSU22-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A continuación comunica que con data do 21 de xaneiro de 2022 se notificou a TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 1 e 2), GARCI VENTA, S.L. (lotes 3 e 4) e CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (lote 5) a resolución de clasificación co requirimento da documentación esixida polo artigo 150.2 da LCSP. Dentro do prazo concedido, os tres licitadores presentaron documentación. Logo da súa cualificación a Mesa acorda, por unanimidade, concederlles un prazo de tres días para que emenden a seguinte documentación:

1. TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lotes 1 e 2): deberá presentar a documentación acreditativa da capacidade de obrar esixida no artigo 66 da LCSP (nos estatutos consta que o obxecto social é "transporte de mercadoría en xeral" e o obxecto dos lotes deste contrato é o subministro de formigóns e morteiros e de áridos) e de que posúe a solvencia económica e técnica, de conformidade co esixido no apartado 5 e na cláusula 8.4.3º do PCAP:
 - Solvencia económica: "Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito".
 - Solvencia técnica: "Os subministros ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación".
2. GARCI VENTA, S.L. (lotes 3 e 4): segundo a documentación presentada o poder de representación da sociedade atribuíuse mancomunadamente, para cantidades superiores a 60.000 euros (cantidade moi inferior ao orzamento base de licitación dos lotes aos que concorreu), a D. Ángel Vila García e D. José Vila García; no entanto, a proposición presentada só foi asinada por un deles, D. Ángel Vila García, cando debía asinarse polos dous. En consecuencia, deberá presentar un escrito asinado por D. José Vila García no que ratifique a proposición presentada neste procedemento o 21 de decembro de 2021 ás 18:59 (entre outras Resolución nº 168/2019 do 22 de febreiro do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales).
3. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA): deberá presentar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica, de conformidade co esixido no apartado 5 e na cláusula 8.4.3º do PCAP. A declaración doutros subministros similares non resulta suficiente. Tal e como indica a referida cláusula, para os contratos con destinatarios públicos requírense "certificados expedidos ou visados polo órgano competente" e para os contratos con entidades privadas "certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación".



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:07	Páxina 4 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AB4B-EBB7B3-4DB2A7-KL7BRE-LCSU22-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento técnico legal dos procesos de tratamento e desinfección en materia de lexionela nas instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes (4.111-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data do 3 de febreiro de 2022 se requiriu ao licitador clasificado en primeiro lugar, COSAPLAG, S.L., para que emendase a documentación esixida polo artigo 150.2 da LCSP que fora presentada o 31 de xaneiro, segundo o acordado na sesión do 3 de febreiro.

Durante o prazo concedido, o 7 de febreiro de 2022, o licitador presentou nova documentación.

Logo da súa cualificación a Mesa acorda, por unanimidade:

1. Entender retirada a oferta presentada por COSAPLAG, S.L. por non ter cumprimentado adecuadamente o requirimento no prazo sinalado (artigo 150.2 da LCSP) ao non ter acreditado correctamente a documentación acreditativa dos medios persoais aos que se comprometeu adscribir á execución do contrato. Concretamente, na documentación presentada non se pode comprobar que a experiencia que figura nos informes de vida laboral de cada un dos medios se corresponda co desempeño de postos nos que se esixa a capacitación indicada no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP. Unicamente no caso de D^a. Noemí Freire Taboada se achega contrato indefinido como responsable técnica desde decembro de 2019. A maiores, constátase que tres dos medios propostos posúen unha experiencia moi inferior á mínima esixida de 3 anos (D. Francisco Iglesias Lorenzo – 1.047 días, D^a. Claudia Amez Lozano – 403 días e D. Pablo Gil Garrido – 404 días).
2. De conformidade co previsto no artigo 150.2 da LCSP procede requirir a mesma documentación ao licitador seguinte pola orde na que quedaron clasificadas as ofertas, polo que á vista do acordo de clasificación de data 27 de xaneiro de 2022, por unanimidade dos asistentes, acórdase requirir a AGRONERGA, S.L. para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación, ao estar inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:
 1. Acreditación da constitución garantía definitiva e, no seu caso, complementaria esixida no apartado 9 do Anexo I -FEC-.
 2. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
 3. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
 4. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
 5. Habilitación profesional e medios persoais a adscribir á execución do contrato segundo o esixido no apartado 5G do Anexo I -FEC- e o indicado na súa oferta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:07	Páxina 5 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AB4B-EBB7B3-4DB2A7-KL7BRE-LCSU22-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

c) Procedemento aberto para a contratación do seguro de vida e accidentes para o persoal interino e persoal laboral temporal ao servizo do Concello de Vigo (36.576-220)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data do 21 de xaneiro de 2022 se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar, SURNE MUTUA DE SEGUROS, a resolución de clasificación co requirimento da documentación esixida polo artigo 150.2 da LCSP. Dentro do prazo concedido, o 2 de febreiro, o licitador presentou documentación. Logo da súa cualificación a Mesa acorda, por unanimidade, conceder ao licitador un prazo de tres días para que emende a referida documentación mediante a presentación da seguinte documentación:

1. Documentación acreditativa da solvencia técnica segundo o esixido na cláusula 8.4.3º do PCAP.
2. Anexo IV do PCAP "Documentación a presentar polo licitador que resulte clasificado en primeiro lugar" debidamente cumprimentado e asinado.
3. O aval presentado non está asinado dixitalmente polo que deberá depositado directamente na Tesourería Municipal e enviar o xustificante do depósito xunto co resto da documentación requirida.
4. Certificado positivo da Axencia Tributaria de Galicia (o certificado solicitado polo Servizo de Contratación emitido o 26 de xaneiro de 2022 é negativo).

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía procedente de fontes 100% renovables, en media e baixa tensión para as distintas instalacións do Concello de Vigo (52.008-444)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía procedente de fontes 100% renovables, en media e baixa tensión para as distintas instalacións do Concello de Vigo (52.008-444)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:07	Páxina 6 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AB4B-EBB7B3-4DB2A7-KL7BRE-LCSU22-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de decembro de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º.- "Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria do SUBMINISTRO DE ENERXÍA PROCEDENTES DE FONTES 100% RENOVABLES, EN MEDIA E BAIXA TENSIÓN PARA AS DISTINTAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VIGO.

2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares asinado pola Enxeñeira Industrial e Xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro enerxético en data 10 de novembro de 2021.

3º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 13 de decembro de 2021.

4º.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de SEIS MILLÓNS CINCOCESTOS SESENTA E DOUS MIL EUROS (6.562.000,00 €) sendo a partida correspondente ao IVE de UN MILLÓN CENTO TRINTA E OITO MIL OITOCENTOS CINCUENTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (1.138.859,50 €)

O importe do contrato deberá ser de aplicación aos créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, nas seguintes aplicacións orzamentarias, as cales cumpren a condición de crédito suficiente e adecuado.

			Marzo/ decembro (2022)	Xaneiro/febreiro (2023)	Total
1330	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos semáforos	75.000,00 €	25.000,00 €	100.000,00 €
1650	221.00.00	subministro enerxía eléctrica alumeadado público	2.980.000,00 €	1.000.000,00 €	3.980.000,00 €
1710	221.00.00	subministro eléctrico en fontes de parques e xardíns	54.300,00 €	15.700,00 €	70.000,00 €
3230	221.00.00	subministro de enerxía eléctrica nos colexios públicos	440.000,00 €	210.000,00 €	650.000,00 €
3420	221.00.00	subministro eléctrico - inst. deportivas	540.000,00 €	210.000,00 €	750.000,00 €
9200	221.00.00	subministro eléctrico -	737.000,00 €	275.000,00 €	1.012.000,00 €



		dependencias municipais			
			4.826.300,00 €	1.735.700,00 €	6.562.000,00 €

Resumo anualidades:

Anualidade	con IVE	sen IVE	IVE
2022	4.826.300,00 €	3.988.677,69 €	837.622,31 €
2023	1.735.700,00 €	1.434.462,81 €	301.237,19 €
TOTAL	6.562.000,00 €	5.423.140,50 €	1.138.859,50 €

5º.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 27 de xaneiro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía procedente de fontes 100% renovables, en media e baixa tensión para as distintas instalacións do Concello de Vigo (52.008-444) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Total Vr_of
1	IBERDROLA CLIENTES	1,388,846.56 €
2	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A.	1,499,366.65 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IBERDROLA CLIENTES (A-95.758.389), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- ("deben estar incluídos na lista de comerciantes de electricidade publicada pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia na súa sede electrónica").
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, IBERDROLA CLIENTES, o día 27 de xaneiro de 2022, que presenta a documentación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:07	Páxina 8 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AB4B-EBB7B3-4DB2A7-KL7BRE-LCSU22-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



requirida o 8 e 10 de febreiro de 2022, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de febreiro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar IBERDROLA CLIENTES, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por IBERDROLA CLIENTES, de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas a través da fórmula, de data 21 de xaneiro de 2022.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a IBERDROLA CLIENTES (A-95.758.389) o procedemento aberto para a contratación do subministro de enerxía procedente de fontes 100% renovables, en media e baixa tensión para as distintas instalacións do Concello de Vigo (52.008-444) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 6.562.000,00 euros, sendo a cota



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:07	Páxina 9 de 10
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A3AB4B-EBB7B3-4DB2A7-KL7BRE-LCSU22-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

correspondente ao IVE de 1.138.859,50 euros.

- b) Propón a redución dos prezos unitarios relacionados co consumo de enerxía para cada unha das tarifas e períodos que resultan das seguintes táboas:

Σ Cah: Coeficiente aditivo horario.

Propón como **Σ Cah_of** os seguintes valores para cada unha das tarifas e períodos de consumo:

ΣCah						
PERÍODOS	P1	P2	P3	P4	P5	P6
2.0TD	0,5101	0,4034	0,3797			
3.0TD	0,5277	0,4597	0,4166	0,4419	0,4587	0,3780
6.1TD	0,4043	0,3918	0,3598	0,3872	0,4253	0,3547

Cmh: Coeficiente corrector multiplicador horario

Propón como **Cmh_of** os seguintes valores para cada unha das tarifas e períodos de consumo:

Cmh						
PERÍODOS	P1	P2	P3	P4	P5	P6
2.0TD	1,4586	1,4673	1,4939			
3.0TD	1,4693	1,4800	1,4508	1,4406	1,4421	1,4942
6.1TD	1,3453	1,3465	1,3367	1,3320	1,3178	1,3600

CG: Custo de xestión establecido polo comerciante.

Propón como **CG_of** o seguinte valor:

CG -coste xestión cent€/kWh	0,3
-----------------------------	-----

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)

